CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Distinguir e situar temporalmente as épocas da historia da música e as súas tendencias musicais con actitude de respecto.	PE	60
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Diferenciar e expoñer as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia, de forma atenta e respectuosa.		
CA1.6 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Coñecer e valorar os elementos do patrimonio artístico e musical de Galicia e da nosa contorna, recoñecendo as características específicas do momento nas composicións propostas.		
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Expresar contidos musicais e relacionalos con períodos da historia da música e doutras disciplinas.		
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Amosar interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexionar sobre elas.		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Relacionar as diferentes finalidades das composicións cos elementos máis representativos doutros períodos con actitude positiva e de respecto.		
CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Recoñecer e comparar os trazos distintivos de obras musicais do noso patrimonio galego utilizando unha terminoloxía adecuada e valorando a súa importancia sendo consciente da súa relevancia e influencia na evolución da música ata a actualidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Relacionar diferentes formas artísticas de diversos períodos musicais poñendo de manifesto a súa influencia nas composicións de música e danza actuais.	TI	40
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Interpretar pezas vocais ou instrumentais de diferentes xéneros e épocas históricas a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.		
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Empregar as palabras propias do período para describir percepcións e coñecementos musicais.		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas cales se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Colaborar activamente na búsqueda e recoñecemento de técnicas vocais, instrumentais ou dancísticas a través da improvisación musical.		
CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Manifestar as sensacións que poidan transmitir as composicións improvisadas, elaboradas estas seguindo os seus recursos ou ferramentas.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Aplicar as habilidades técnicas e interpretativas necesarias para as actividades memorísticas de interpretación, adecuadas ao nivel e estimándoas como zonas de aprendizaxe.		
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Identificar e ler os signos gráficos propios da linguaxe musical nas partituras do período musical que reflectan os contidos da unidade didáctica.		
CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Executar obras a través da lectura con notación, cantar por imitación ou con partituras sinxelas e realizar danzas seguindo o pulso cunha actitude de superación e mellora das súas posibilidades perdendo así, o medo escénico.		
CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais como colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais.	Organizar con enxeño actividades ou traballos musicais a través das ferramentas adquiridas na unidade.		
CA2.8 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Colaborar en agrupacións vocais e instrumentais con disposición de mellora e compromiso, amosando unha actitude aberta e respectuosa hacia os demais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Distinguir as diversas conexións que existen entre as diferentes manifestacións musicais e dancísticas e o que inflúen na música na sociedade actual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. - Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración. - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. - Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. - Principais composicións musicais de cada período histórico.

UD	Título da UD	Duración
6	O século XX e a música	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Distinguir e situar temporalmente as épocas da historia da música e as súas tendencias musicais con actitude de respecto.	PE	60
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Diferenciar e expoñer as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia, de forma atenta e respectuosa.		
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Expresar contidos musicais e relacionalos con períodos da historia da música e doutras disciplinas.		
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Amosar interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexionar sobre elas.		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Relacionar as diferentes finalidades das composicións cos elementos máis representativos doutros períodos con actitude positiva e de respecto.		
CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Recoñecer e comparar os trazos distintivos de obras musicais do noso patrimonio galego utilizando unha terminoloxía adecuada e valorando a súa importancia sendo consciente da súa relevancia e influencia na evolución da música ata a actualidade.	TI	40
CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Relacionar diferentes formas artísticas de diversos períodos musicais poñendo de manifesto a súa influencia nas composicións de música e danza actuais.		
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Interpretar pezas vocais ou instrumentais de diferentes xéneros e épocas históricas a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.		
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Empregar as palabras propias do período para describir percepcións e coñecementos musicais.		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas cales se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Colaborar activamente na búsqueda e recoñecemento de técnicas vocais, instrumentais ou dancísticas a través da improvisación musical.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Manifestar as sensacións que poidan transmitir as composicións improvisadas, elaboradas estas seguindo os seus recursos ou ferramentas.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Aplicar as habilidades técnicas e interpretativas necesarias para as actividades memorísticas de interpretación, adecuadas ao nivel e estimándoas como zonas de aprendizaxe.		
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Identificar e ler os signos gráficos propios da linguaxe musical nas partituras do período musical que reflectan os contidos da unidade didáctica.		
CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Executar obras a través da lectura con notación, cantar por imitación ou con partituras sinxelas e realizar danzas seguindo o pulso cunha actitude de superación e mellora das súas posibilidades perdendo así, o medo escénico.		
CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais como colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais.	Organizar con enxeño actividades ou traballos musicais a través das ferramentas adquiridas na unidade.		
CA2.8 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubrindo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Colaborar en agrupacións vocais e instrumentais con disposición de mellora e compromiso, amosando unha actitude aberta e respectuosa hacia os demais.		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Distinguir as diversas conexións que existen entre as diferentes manifestacións musicais e dancísticas e o que inflúen na música na sociedade actual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. - Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración. - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.

Contidos

- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.
- A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical.
- Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade.
- Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.
- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.
- Técnicas de improvisación guiada e libre.
- Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.
- A propiedade intelectual e cultural: formulacións éticas e responsables. Hábitos de consumo musical responsable.
- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.
- Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras.
- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.
- Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Principais composicións musicais de cada período histórico.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O itinerario didáctico que imos aplicar nas diferentes unidades propostas nesta programación seguen a mesma estrutura e planificación nos tres trimestres, sendo os contidos acumulativos para afianzalos ao longo do curso mediante a práctica. Todo isto, a través dous tres bloques que abordaremos en cada unidade como son a escoita e percepción, a interpretación, improvisación e creación, e por último os contextos e culturas. A asimilación destes bloques de contidos, partirán sempre da práctica para logo pasar á teorización, é dicir, aprender facendo.

Ao comenzo de cada unidade reflexionaremos, debatendo e conectando coa realidade para a continuación construír o coñecemento. Practicaremos as destrezas a través das competencias específicas, expresando e desenvolvendo con creatividade pezas vocais, instrumentais e de danza, colaborando así en diferentes produtos artísticos. Consolidaremos o aprendido organizando as ideas, comprobando e aplicando os conceptos de cada unidade e valorando a aprendizaxe adquirida. Tamén reflexionaremos e investigaremos para obter un pensamento crítico.

É importante combinar o traballo individual co traballo en grupo. O traballo individual promove as súas propias iniciativas, orixinalidade, creatividade, organización persoal e compromisos, mentres que as actividades grupais desenvolven actitudes cooperativas, estimulan o traballo e promoven compromisos cos demais coa participación en proxectos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Material didáctico: instrumentos de percusión Orff, piano electrónico, teclados multifuncionais, guitarra, carillóns cromáticos e batería.

Material audiovisual: equipo de son con 2 altosfalantes, taboleiro dixital, proxector, computador, CD's e DVD's.
Material impreso: cadernos de escritura e cadernos pautados, fotocopias, partituras, musicogramas.
Outros: metrónomo, atrís, lousa de pentagramas e baquetas.
Conexión a internet e Aula Virtual con materiais elaborados polo profesorado e enlaces de interés.
Programas informáticos e páxinas web: MuseScore3, Audacity, Encore, Finale e a Web atril coral.
Libro de texto para os alumnos e alumnas: "Historia de la música. Acordes". Ed. Santillana

Os instrumentos de percusión Orff están formados por: xilófonos baixo e alto, metalófonos baixo e alto, carillóns diatónicos e carillóns cromáticos, triángulo de acero, claves, caixa china tipo plano e caixa china tipo redondo, crócalos de metal, pandeireta de parche de pel de dobre sonaja, pandeireta sin parche con dobre sonaja, pandeiro de parche de plástico, maracas, cascabeis e muñequera de 3 cascabeis.

Outros instrumentos musicais son a batería (tambor, bombo e prato), a guitarra, o piano electrónico e dous teclados multifuncionais. Todos eles fan posible a práctica musical.

O material audiovisual tamén é moi significativo para a materia xa que permítenos escoitar as audicións das diferentes manifestacións musicais.

A conexión a internet ábrenos un amplo abano de posibilidades á hora de impartir as clases xa que podemos conectarnos á rede e ter acceso a multitude de vídeos didácticos ou concertos que nos facilitan en gran medida a comprensión dos contidos teóricos da materia. Tamén permítenos entrar na Aula Virtual a través da plataforma Moodle, e así os alumnos e alumnas poderán ver os contidos que están subidos a ela, accedendo aos materiais didácticos e visualizando os enlaces relacionados coas diferentes unidades.

Programas informáticos como o "MuseScore3" que é un programa gratuito de edición de partituras, o "Audacity" que tamén é un programa gratuito para mezclar e manipular pistas de audio, o "Encore" que permite a edición, composición e transcripción de partituras, "Finale" que permite escoitar o que está escrito, mediante o uso do protocolo MIDI. Todos son programas que permiten ao alumno e alumna realizar as súas propias creacións e deste xeito, estimular o aprendizaxe activo e fomentar a experimentación e a familiarización coas novas tecnoloxías.

A "Web atril coral" é unha páxina web con partituras corales gratuitas de todas as épocas e estilos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso e para a avaliación do nivel de destrezas e coñecementos do alumnado, realizaranse probas escritas, orais ou prácticas para comprobar o nivel de coñecemento do grupo, xa que é importante planificar estratexias metodolóxicas e de seguimento dende o principio para poder abordar os problemas que xurdan ao longo do curso escolar. Os obxectivos destas probas son: comprobar cal é o nivel xeral da clase nas materias de Música, co fin de axustar na medida do posible a programación e as necesidades do alumnado. Identificar aos alumnos e alumnas que presentan máis problemas o reforzos no proceso de aprendizaxe e ter en conta a aquel alumnado con necesidades educativas especiais, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	10	10	20	20	20	100
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

1. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- PROBA ESCRITA: 60%

En cada avaliación, o alumno realizará unha proba escrita individual sobre a materia explicada no trimestre correspondente (tanto de coñecementos teóricos da linguaxe musical ou de historia da música como de realización de exercicios, ditados, comentarios escritos de audicións ou de partituras).

- TÁBOA DE INDICADORES: 40%

Exames ou probas que poden ser interpretacións instrumentais, vogais ou dancísticas practicadas na aula, exercicios ou comentarios de audicións, análise de partituras, ditados rítmico-melódicos, exercicios de percusión corporal, entrega de tarefas solicitadas, exercicios ou traballos, notas dos alumnos e alumnas no rendemento diario e a súa mostra de interese pola materia, a observación diaria da participación activa no proceso de ensino-aprendizaxe do grupo-clase.

Na música, como linguaxe artística que é, estamos empregando todos os elementos da linguaxe musical simultaneamente. Ao mesmo tempo que escoitan unha audición, poden seguir unha partitura, valorar o silencio, respectar e aceptar outros estilos musicais e

discriminar voces ou instrumentos. Cada vez que interpretan unha partitura, están interiorizando o pulso, apreciando o movemento melódico, aplicando as destrezas psicomotrices que conleva a práctica instrumental, e traballan a entoación e a emisión correcta da voz. Polo tanto e dado o carácter continuo da avaliación, en cada proba/tarefa de tipo práctico incluírase a materia xa avaliada anteriormente.

No caso de que un alumno non teña realizada algunha proba (teórica ou práctica) por algunha causa xustificada, farase media coa información recadada a través do resto dos instrumentos de avaliación.

As normas da aula de música son de obrigado cumprimento (coidado dos instrumentos musicais, coidado do mobiliario, traída do material necesario á aula,...). O respecto ás normas de convivencia do centro como por exemplo, a asistencia, a puntualidade, o respecto ao profesorado e aos seus compañeiros,.. non suporá una valoración positiva extra, posto que as normas de convivencia dun centro son de obrigado cumprimento para todo el alumnado.

2. NOTA FINAL DE CADA AVALIACIÓN TRIMESTRAL

Será o resultado da suma das dúas porcentaxes dos instrumentos de avaliación sinalados no punto 1. De non acadar 5.0 puntos (logo do redondeo) como mínimo na suma dos resultados obtidos neses dous apartados, a avaliación estará suspensa.

3. PONDERACIÓNS PARA A AVALIACIÓN ORDINARIA

1ª avaliación: 30%

2ª avaliación: 30%

3ª avaliación: 40%

4. CUALIFICACIÓNS CON REDONDEO nas avaliacións trimestrais e na final de xuño.

No caso de realizarse un redondeo farase de maneira que o decimal asimilárase ó enteiro superior se o seu valor é de 0.5 ou superior e o anterior nos restantes casos. Exemplos:

Nota: 4.5 A nota redondeada sería un 5.0

Nota: 4.4 A nota redondeada sería un 4.0

5. PROIBIDADE ACADÉMICA: COPIA O FRAUDE

Si se producira algunha irregularidade durante a realización dalgún exame/prueba de avaliación (tanto teórico como práctico) ou de outra proba a cualificar, procederáse á retirada inmediata do exercicio e a expulsión do alumno á aula de convivencia co parte oportuno. A súa cualificación será 0.0 (suspenso).

6. AVALIACIÓN ORDINARIA

Considerarase aprobada a materia de música na avaliación ordinaria cando o resultado, calculado segundo as porcentaxes do punto 3, sexa igual ou superior a 5.0 puntos (logo do redondeo). De non ser así, o alumno terá que realizar unha proba escrita e /ou práctica das partes non superadas para poder recuperar a materia na avaliación final.

Criterios de recuperación:

Non haberá probas de recuperación tras cada avaliación se estas non foran superadas. O alumnado que non superou algunha o varias avaliacións parciais, terá que presentarse á proba final (proba escrita e/ ou práctica), que versará sobre os contidos específicos daquela avaliación ou avaliacións que ten suspensas para así poder recuperar a

materia na avaliación final.

Os criterios de cualificación da proba de recuperación final serán os mesmos que os fixados para as avaliacións trimestrais. Esta proba tamén será corrixida cunha puntuación de 0.0 a 10 puntos e a cualificación obtida será a que se terá en conta para a cualificación final ordinaria.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Alumnado que ten pendente a materia de 3ºESO.

O procedemento de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente será levada a cabo pola Xefa do Departamento de Música e realizarase como se explica de seguido:

Para superar a materia pendente, o alumnado deberá presentarse a dúas probas obxectivas parciais, unha na 1ª avaliación (no mes de novembro) e outra na 2ª avaliación (no mes de febreiro). Os alumnos e/ou alumnas que superasen as dúas probas cun mínimo de 5.0 puntos sobre 10 en cada unha delas, considerárase aprobados na materia pendente. A calificación final obterase da media resultante das dúas probas. O alumnado que non recupérase a materia coas probas parciais, terá que presentarse a una proba global no mes de maio.

As datas estarán fixadas pola Xefatura de Estudos. Toda a información estará visiblemente exposta no taboleiro de entrada do instituto adicado a materias pendentes e na páxina web do centro.

6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Creatividade	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.3 - Autonomía	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Respecto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X

Observacións:

- Comprensión lectora: traballarase principalmente a través dos textos para aprender os contidos teóricos.
- Creatividade: traballarase a través da composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación...
- Autonomía: realizaranse actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.
- Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial: actividades que implican creación de proxectos grupais.
- Igualdade entre sexos: utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable
- Respecto mutuo: educación emocional e en valores. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.
- Expresión oral e escrita: a través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral como por exemplo explicar os parámetros que conforman o son, a forma dunha canción, a importancia do silencio na nosa saúde e nas nosas vidas, etc.
- Competencia dixital e comunicación audiovisual: a través da creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non so música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia como público a un concerto didáctico.	Propiciarase a asistencia do grupo a un concerto didáctico, para poñer en práctica as normas de comportamento aprendidas na clase, así como vivr a experiencia de escoitar música en directo.		X	
Charlas e conferencias didácticas	Asistencia como público a charlas ou conferencias didácticas de interese musical para o alumnado.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actuacións públicas do alumnado	As pezas musicais traballadas ao longo do curso executárasen en público, tanto diante dos seus compañeiros de aula como doutros grupos do centro.			X

Observacións:

Os concertos, as charlas e conferencias didácticas impartidas por profesionais da música, da danza ou da pedagogía musical ou dancística poderán ser realizadas tanto no propio centro como en salóns ou auditorios, tanto da contorna como de fóra. Estas actividades dependerán da oferta de particulares ou de institucións públicas ou privadas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ben ou acadado, Regular ou mellorable, Mal ou non acadado
Metodoloxía empregada
Ben ou acadado, Regular ou mellorable, Mal ou non acadado
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Ben ou acadado, Regular ou mellorable, Mal ou non acadado
Medidas de atención á diversidade
Ben ou acadado, Regular ou mellorable, Mal ou non acadado
Clima de traballo na aula
Ben ou acadado, Regular ou mellorable, Mal ou non acadado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Ben ou acadado, Regular ou mellorable, Mal ou non acadado

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralala, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de

cualificación nestas, a corrección da temporalización e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.

- Utilidade materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
 - Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útiles e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
 - Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles adecuados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
 - Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.
- Os ítems anteriores avaliaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior, "avaliación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios (se os houbera) a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

9. Outros apartados

1. "Hora de ler"

Participación na "Hora de ler".

Son 20 minutos aproximadamente de tempo para a lectura libre (libros de ficción, de divulgación, cómic, banda deseñada, revistas científicas ou de curiosidades) e pódese facer ao iniciar a sesión ou antes do remate. Na aula de música vai estar colgado un cartel cos horarios para ver as rotacións semanais das sesións nas que imos ler. É unha maravillosa actividade para incentivalos na lectura.